Resumo Unidade 7
Transformacións económicas da España do século XIX

* **Cortes de Cádiz: 1810-1814: Revolución Liberal**

- Decreto de Abolición dos señoríos (1811)
- Desamortización dos bens de mans mortas
- Supresión dos privilegios da Mesta
- Supresión dos Gremios
- Liberdade de Comercio
- Liberdade de cercar as terras

Restablecemento do absolutismo por parte de Fernando VII (1814-1820)
Pronunciamento liberal do Coronel Riego: Trienio Liberal (1820-1823): restablécense as medidas adoptadas en Cádiz.
Segunda etapa Absolutista: de novo Fernando VII impón o absolutismo: Década Ominosa (1823-1833)

***Consolidación do Estado Liberal en España: 1835-1860**

- Desamortizacións:

-Precedentes:

- Críticas dos Ilustrados (séc. XVIII); Godoy, Guerra da Independencia; Trienio Liberal...etc (experiencias limitadas e fracasadas).

Desamortización de Mendizábal (1836-1837): afecta ao clero regular; en 1843 Espartero amplíaa ós bens do clero secular.
Desamortización de Madoz (1855): é a máis importante porque é xeral: afecta aos bens eclesiásticos e os de propios e comúns dos concellos.
(Analizar circunstancias específicas entre o Norte e o Sur de España: ter en conta a particularidade dos Foros en Galicia: Análise dos obxectivos que se perseguían e os resultados obtidos).

*** AGRICULTURA: Fases ao longo do século XIX e iª metade do XX.**

- Expansión da producción agraria ata mediados de século a causa das transformacións feitas nos períodos liberais (abolición señoríos, desamortizacións...)

- Estancamiento e crise -1850/1870- polas deficiencias na tecnología, no sistema de propiedade...

- Crecemento -1870/1890-: cambio nos cultivos- viñedo por cereais- exportación de viño e expansión dos cultivos mediterráneos

- Crise: a finais do século XIX: chegada da "filoxera" que atacara as vides francesas, competencia dos cereais rusos e americanos

- Expansión e Modernización: 1900-1930: influencia decisiva do impacto da 1ª Guerra Mundial

- Crise:1930 (crac do 29), agravada posteriormente pola Guerra Civil e pola política autárquica da dictadura.

- Recuperación a partir dos anos 50 e transformación acelerada a partir dos anos 60

- Impacto da integración europea: unha agricultura moderna e subvencionada

*** INDUSTRIA:Fases e desenvolvemento**

- Problemas estructurais: escaseza de materias primas, fontes de enerxía, recursos financieros e debilidade, ausencia, dun mercado nacional (elemento esencial para terse producido a Revolución Industrial)

- Siderurxia

+ fracaso da siderurgia andaluza (1830-1874)
+ limitacións da asturiana a mediados de século
+ éxito da vasca a partir de 1882

- Téxtil: **Cataluña**

+ tradición industrial desde o Antigo Réxime
+ infraestructura apropiada desde o medioevo
+ mecanización desde 1830
+ existencia dunha poderosa burguesía mercantil e financiera
+ principal rexión industrial española: crise nos anos 60 do século XIX producida pola Guerra de Secesión nos EEUU
+ asociadas á textil industrialízanse a metalurgia e a industria química desde finais do século XIX.

Galicia

- Desindustrialización textil (liño)
- Industrias conserverías (capital catalán) a partir de 1880--inflúe na construcción naval

Expansión da industria no primeiro tercio do século XX: influencia directa da 1ª Guerra Mundial
Crise dos anos trinta...
Novo **crecemento** a partir do Plan de Estabilización de 1959: o “desarrollismo” dos anos 60
Crise entre 1973-1982
Custo da integración europea
Modernización actual

REFORMAS PROGRESISTAS 1835-1837

Hai tres ámbitos nos que os progresistas levarán a cabo a implantación do liberalismo:

- A transformación xurídica do réxime de propiedade, abolindo o réxime señorial, a desvinculación e a desamortización
- A Liberalización da Economía, abolindo os privilexios gremiais, impoñendo a liberdade de industria, eliminando alfándegas interiores...
- A elaboración da Constitución de 1837.

A DESAMORTIZACIÓN:

É a medida máis fondamente revolucionaria tomada polo equipo liberal. O liberalismo aplicado ao campo económico.

No Antigo Réxime, cada un dos "estamentos" tiña unhas funcións na colectividades e era norma que determinadas entidades dispuxeran dunha masa de bens que non podían enaxenar nin vender, senón que debían ser transmitidas na mesma forma que as recibiran para que lles serviran de base económica no desempeño das súas funcións.

A nobreza tiña "vinculados" os seus bens económicos de tal maneira que non os podían vender nin repartir, debían transmitilos íntegros ó primoxénito (morgados).

O mesmo pasaba coa Igrexa e os Concellos (bens comúns , propios etc...)

Etapas da Desamortización

1. .- **Decreto do 19 de Setembro de 1798.** (Carlos IV e Godoy): para amortizar a débeda pública: venta de bens pertencentes a hospitais, hospicios, casas de misericordia, cofradías...etc.Ante a protesta da Igrexa, o Rei negociou coa Santa Sé un permiso para enaxenar bens eclesiásticos; ó non aclarar que propiedades podían ser vendidas, a medida foi pouco eficaz.

2. .- **A Obra Desamortizadora das Cortes de Cádiz**: venta de "bens nacionais" para o pago da débeda pública:

- Propiedade privada (afrancesados).
- Propiedades municipais.
- Propiedades eclesiásticas.

a.- Decreto de 1813: Parcelación e reducción a propiedade individual de terreos de propios, realengos e baldíos.

b.- Desamortización eclesiástica: Ordes Militares e bens da Inquisición.

3. .- A Obra Desamortizadora do Trienio Liberal (1820-1823). Lei de Desvinculación do 11 de Decembro de 1820, suprimindo os morgados, dándolle ós nobres as posibilidades de vender as súas terras.

4.- **A Desamortización Progresista (entre 1834 e 1837).**

a.- Lei de Desamortización Civil (1834), lexitima a posteriori as ocupacións de terras baldías e de realengo levadas a cabo por particulares.

b.- Unha Lei de Agosto de 1836, confirma a "desvinculación de patrimonios nobiliarios" levada a cabo durante o trienio.

c.- Desamortización de Mendizábal: "Desamortización eclesiástica", os bens, rendas, dereitos e accións das comunidades e institutos relixiosos de ambos sexos eran declarados, "propiedade nacional" e sacados a pública subhasta. O Estado pagaría ó clero a renda que percibía das súas antigas propiedades e a medida sacaría ó Estado dos seus apuros financeiros. No fondo foi unha reforma agraria mal feita. Trouxo consigo a depreciación, o enriquecemento de uns poucos –novos ricos-, a formación de grandes latifundios e a miseria do campesiñado.:

- A disolución do réxime señorial supuxo que o antigo señor se convertese no novo propietario agrario e o campesiño perdese tódolos dereitos que tiña no antigo sistema señorial, pasando a ser un simple xornaleiro ou arrendatario.
- Ademais o campesiñado nunca poderá acceder nin ás terras de señorío que xa desvinculadas sairán ó mercado libre, nin ás terras desamortizadas da igrexa, xa que non ten medios económicos para a súa compra.
- Por último a privatización das terras comunais suporá a perda duns recursos preciosos para o campesiñado máis necesitado.

5.- Lei Madoz (1855).

Unha nova ouleada desamortizadora pon á venda, non só os bens do clero, senón tamén os dos Axuntamentos (os propios e comúns), coa oposición dos moderados e da prensa. Tamén se opón o sector eclesiástico que considera vulnerado o **Concordato de 1851.** O volume dos bens desamortizados superou (duplicou) ó dos vendidos por Mendizábal.

O 14 de Setembro de 1856 suspendeuse a aplicación desta lei e o día seguinte un Real Decreto liquida o Bienio Progresista restablecendo a vixencia da Constitución de 1845. Este proceso desamortizador afectou á vida española en moitos aspectos:

- Político: reforzo do liberalismo isabelino, creando unha nova clase de propietarios que apoiarán ó réxime para manter a súa postura persoal.
- Económico: Supón beneficios para o Estado, aínda que debido á aceptación de títulos da débeda e vales reais como forma de pago, non acadaron os beneficios que esperaban. Deron a posibilidade de cultivar unhas terras que os seus propietarios tiñan abandonadas.
- Social: Priva ós antigos estamentos da súa forza económica e prepara o terreo para a *substitución definitiva* da “sociedade estamental” pola “sociedade clasista ou de clases”.

A venta de *propios e comúns* privou ó campesiñado máis pobre do disfrute dos bens “colectivos”. Creou problemas nos Concellos polo descenso dos seus ingresos (ó privalos das terras de propios que arrendaban). Favoreceu a concentración da propiedade nalgunhas zonas, creándose os latifundios , e noutras zonas supuxo, tamén, dotar de terra ó campesiñado que non tiña.